

AS PALABRAS POLISÉMICAS

Son **polisémicas** as palabras que teñen máis dun significado. Por exemplo, *bico* pode referirse a un cume, a un beixo, ao peteiro dunha ave, a unha parte dunha xerra...

4 Explica o significado das palabras destacadas. Que outro sentido poden ter?

- A tía Lola non daba metido o fío polo **ollo** da agulla e axudeina eu.

- Cando vai calor, apago a sede con auga e comendo **polos**.

5 Escribe dúas oracións con cada palabra: unha en que teña un significado relacionado co laboratorio e outra en que teña outro sentido.

- máscara

- lapa

- bote

- lentes

- placa
